



CONCELLO DE BOBORÁS

BASES PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL

1º.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección de persoal para cubrir 3 prazas de peón con carné de conducir a tempo completo durante nove meses, para a realización de obras ou servizos de limpeza e valorización forestal.

Esta contratación estará subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

2º.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato de traballo será laboral temporal, na modalidade de contrato temporal de interese social, a xornada completa.

Trátase de contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego.

A duración do contrato será de nove meses.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vigente.

O horario de traballo establecerase polo Concello.

As funcións serán as propias dun peón forestal con carné de conducir (limpeza e valorización de áreas forestais do Concello con diversa maquinaria e/ou tractor desbrozador)

3º.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Estar en posesión do **permiso de conducir** clase B.

b) **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.





CONCELLO DE BOBORÁS

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

c) **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.

e) **Incompatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

4º.- FORMA DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de oposición.

O Concello de Boborás solicitará un mínimo de 5 candidatos por praza á Oficina de Emprego mediante a presentación de oferta de Emprego nos modelos normalizados para o efecto.

A oficina de Emprego realizará unha sondaxe entre os candidatos que reúnan os requisitos establecidos na oferta, e, en todo caso (segundo o establecido na orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021), os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñen previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro Emprego ou aquelas sen cualificación profesional.





CONCELLO DE BOBORÁS

- Persoas paradas de longa duración
- Persoas con discapacidade.
- Persoas desempegadas maiores de 45 anos.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Os candidatos serán convocados pola Oficina de Emprego correspondente para a súa presentación no Concello de Boborás na data que se sinalará na carta de presentación enviada pola dita oficina de Emprego.

Na data de presentación deberán acudir coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Fotocopia do carné de conducir - B1
- Relación das circunstancias persoais que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Celga 2).

5º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Será designado pola alcaldesa e terá a seguinte composición:

- Presidente: Jorge Moreno Martin-Caloto, secretario-interventor do Concello, ou a persoa en quen delegue.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ou da Deputación de Ourense designado pola Alcaldía.
- Secretario: Francisco Javier Masid Pérez, auxiliar administrativo do Concello.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ou da Deputación de Ourense designado pola Alcaldía.

3 Vogais:

- Carmen Janeiro Estévez, técnico de administración do Concello.
- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ou da Deputación de Ourense designado pola Alcaldía.
- Javier Francisco Rivera, técnico de administración do Concello.





CONCELLO DE BOBORÁS

- Suplente: Un funcionario ou persoal laboral fixo do Concello ou da Deputación de Ourense designado pola Alcaldía.
- **José Firvida Rodríguez**, xefe de maquinaria da Deputación Provincial de Ourense.
- Suplente: **José Ángel Basalo Coutado**, persoal da Deputación Provincial de Ourense.

Tódolos membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concurran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orden as mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que ésta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

6º.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O proceso selectivo consistirá nun exame aos candidatos segundo a listaxe presentada pola oficina de emprego:

FASE DE OPOSICIÓN

Proba de coñecementos. Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio.





CONCELLO DE BOBORÁS

Consistirá en contestar a un máximo de 20 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal o mesmo día de celebración do exercicio, para o cal se debe reunir horas antes do escomenzo da proba. As preguntas versarán sobre o contido que figura no temario de temas comúns e específicos.

O tempo máximo para este exercicio determinarao o tribunal. Cada pregunta terá tres respostas posibles, sendo unha delas a correcta. As respostas erróneas restarán unha terceira parte do valor asignado á resposta correcta e as preguntas no contestadas consideraranse cero puntos cada unha delas.

Calificación: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

ANEXO

TEMAS COMÚNS

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 3. Principios rectores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.

Tema 4.- Organización e competencias municipais. Réximen dos municipios de gran poboación.

Tema 5.- Bens das Entidades Locales. Concepto e clasificación. Inventario e Rexistro. Desfrute e aproveitamento. As prerrogativas das Entidades locais respecto ós seus bens.

Tema 6. La provincia como entidad local. Organización y competencias.

Tema 7 La cooperación municipal. Las relaciones entre las Comunidades Autónomas y las Diputaciones Provinciales. Regímenes especiales. Las Islas: los Consejos y Cabildos Insulares.

Tema 8. La coordinación en la prestación de determinados servicios por las Diputaciones Provinciales. Entidades locales de ámbito inferior al municipio.

Tema 9 Las comarcas. Las mancomunidades de municipios.

Tema 10. El sistema electoral local. Causas de inelegibilidad e incompatibilidad.

Tema 11. Elección de los Concejales y Alcaldes. Elección de Diputados Provinciales y Presidentes de Diputaciones provinciales.

Tema 12. Elección de Consejeros y Presidentes de Cabildos y Consejos Insulares.

Tema 13. La moción de censura y la cuestión de confianza en el ámbito local. El recurso contencioso-electoral. El Estatuto de los miembros electivos de las Corporaciones locales.





CONCELLO DE BOBORÁS

Tema 14. Régimen de sesiones y acuerdos de los órganos de gobierno local.

Tema 15. La iniciativa económica de las Entidades locales y la reserva de servicios en favor de las Entidades locales.

Tema 16. El servicio público en las entidades locales. Concepto. Las formas de gestión de los servicios públicos locales.

TEMAS ESPECÍFICOS

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas polos peons de servizos múltiples.

Tema 2. Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais.

Tema 3: Condicións de seguridade.

Tema 4: Planes de emerxencia e evacuación.

Tema 5 : Primeiros auxilios.

PROBA DE COÑECEMENTO DO GALEGO

Consistirá en traducir un texto do castelán ao galego, para aqueles que non acrediten o CELGA

2. Valorarase como apto/non apto.

7º.- RELACIÓN DOS TRABALLADORES SELECCIONADOS.

Finalizado o procedemento selectivo e establecida polo Tribunal a orde de preferencia publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación. No caso de que exista empate entre dous o máis aspirantes na puntuación da oposición se escollerá aqueles que leven máis tempo en desemprego. De persistir o empate no caso anterior se escollerá entre aquel ou aqueles que teñan maior grado de discapacidade. No último caso resolverase o empate por sorteo.

8º.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

O contrato de traballo formalizarase co aspirante seleccionado, o cal deberá presentar a seguinte documentación no prazo de 2 días hábiles a contar dende a publicación do resultado da selección:





CONCELLO DE BOBORÁS

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.(ANEXO I)
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado do número de conta bancaria (IBAN)

Certificado médico oficial.

9º.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

10º.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións: ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022; Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro.

ANEXO I

D/DNA _____, con DNI
_____ con domicilio a efectos de notificación
en _____

DECLARA baixo xuramento:





CONCELLO DE BOBORÁS

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Boborás, a ____ de _____ de 2022

Asdo.:

